

Matemáticas na cociña

1ª parte

Os alumnos de 2ºESO do IES Auga da Laxe queredes recaudar fondos para unha excursión. Decidides montar uns postos de comida aproveitando unha feira que se fai na vila. Cada un dos grupos deberá elixir entre cociñar:

- Galletas
- Biscoito
- Magdalenas
- Tortilla de patacas

Despois de escoller que ides preparar, acudide á tenda a mercar os ingredientes. Fixádevos no prezo e calculade canto vos costa cada ingrediente, tendo en conta a cantidade que ides empregar. Sinalade asimesmo en que unidade se mide.

Ingrediente	Medida	Prezo

Decide como ides trocear as porcións, no caso do biscoito e da tortilla, ou como ides vender as galletas e as magdalenas (individualmente, en grupos de dous, etc).

Marcade o prezo de venda de cada porción, unidade ou par, dependendo do formato que elixistes anteriormente. Para poñer este prezo, tede en conta que debes obter un 40% de beneficio.

.....

2ª parte

Pasado o día da feira, resulta que sobran, en total, 30 porcións de comida. Decidides vendela entre os amigos, facendo un pequeno desconto. Estas son as opcións para facer os descontos:

3 x 2

Pola compra de 2 unidades, regalamos 1.

6 x 5

Pola compra de 5 unidades, regalamos 1.

OFERTA: 30% de desconto

Compra unha unidade e leva outra a metade de prezo

Cal cres que é a oferta máis ventaxosa para o cliente? Cal a máis ventaxosa para ti? Razona a respostas.